PROTEXE O TEU CORREO

O seguimento masivo viola os nosos dereitos fundamentais e pon en risco a liberdade de expresión.
Aínda que non estamos indefensos e temos medios para facer algo contra iso.

Os contrasinais para protexer o teu correo son só unha fina capa de seguranza que non pode protexerte contra os sofisticados métodos invasores dos sistemas de vixilancia.

Cada mensaxe pasa a través de moitos sistemas de computadores no camiño ao seu destino. As axencias de seguimento tiran proveito disto para ler millóns e millóns de correos.

Aínda que ti non teñas nada que agochar, cando envías un correo, as persoas coas que te comunicas tamén está expostas a esa vixilancia.

Recupera a túa intimidade! Coñece GnuPG!

Todo o que necesitas é un sinxelo programa chamado **GnuPG**. Que cifra o teu correo nun código que só poden ler as persoas autorizadas.



GnuPG funciona na maioría dos computadores e teléfonos intelixentes. É libre e de balde. Cada usuario ten unha única **chave pública** e outra **chave privada**, que son cadeas de números ao chou.

A TÚA CHAVE PÚBLICA

A túa chave pública non é coma se fose unha chave física, xa que é compartida. Atópase nun cartafol en liña, onde a xente pode buscala e descargala. A xente emprega a túa chave pública, xunto co GnuPG, para cifrar os correos que quere enviarche.



A TÚA CHAVE PRIVADA

A túa chave privada é coma se fose unha chave física, xa que es ti quen a garda (no teu computador ou dispositivo).

Empregarás GnuPG e a túa chave privada para descodificar os correos cifrados que che envían outros.





Se un correo cifrado con GnuPG cae en mans non desexadas, só verán un galimatías. Sen a chave privada do receptor é case imposíbel de ler.

Para o auténtico destinatario, o correo ábrese coma un correo normal. Doado e sinxelo!

O remitente e o destinatario agora están protexidos. Aínda que o correo non conteña ningunha información privada, este cifrado ralentiza os sistemas de vixilancia masiva. **Chúpate esa, vixilante!**

GnuPG licenciase como **software libre**; é completamente transparente e calquera pode copialo ou facer a súa propia versión. Isto faino máis seguro fronte a vixilancia co software privativo (como Windows ou Word). Aprende máis en **FSF.org**.

Para protexernos a nós mesmos da vixilancia, necesitamos aprender a empregar GnuPG e comezar a **compartir as nosas chaves públicas** con aquelas persoas coas que compartimos o noso enderezo de correo.

Milleiros de persoas empregan xa GnuPG, desde activistas, periodistas, denunciantes a xente normal. Cada persoa que o empregue fai que a comunidade sexa máis forte e amósalle ás axencias de vixilancia que estamos preparados para pelexar.

Aprende como protexer o teu correo. Aprende sobre GnuPG en 30 minutos en:

EmailSelfDefense.FSF.org

Copyright 2014 Free Software Foundation.
Animámoste a que o reelabores e o difundas! Obtén as fontes no URL anterior.

Traducido ao galego por **Proxecto Trasno**
Infografía e guía deseñada por **Journalism++**